



**IES DE SOUTOMAIOR**

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO  
MÚSICA**

**CURSO 2020 - 2021**

Xefa do Departamento: Paula Veiga Sertal

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>2</b>
1.1. MARCO LEGAL.....	2
1.2. PRESENTACIÓN DA MATERIA E CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO .....	3
1.3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	5
1.4. CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
<b>2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....</b>	<b>6</b>
<b>3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS SEGÚN O DECRETO 86/2015 .....</b>	<b>8</b>
<b>4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (SEGUNDO A LOMCE E CONCRECIÓN PARA A MATERIA DE MÚSICA NESTE CENTRO).....</b>	<b>10</b>
<b>5. CONCRECIÓN METODOLÓXICAS DIDÁCTICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE MÚSICA.....</b>	<b>48</b>
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>50</b>
<b>7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....</b>	<b>51</b>
7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	51
7.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	51
<b>8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE E A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....</b>	<b>52</b>
<b>9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>55</b>
<b>10. AVALIACIÓN INICIAL, MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS .....</b>	<b>56</b>
<b>11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>57</b>
<b>12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....</b>	<b>59</b>
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>60</b>
<b>14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN .....</b>	<b>61</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 1.1. Marco legal

**Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

**Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato na CCAA de Galicia.

**Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dictan as instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación do ensino en Educación Primaria, o Ensino Secundario Obligatorio e o Bacharelato.

A materia de música enmárcase dentro do bloque de materias específicas do currículo de Educación Secundaria, tal e como establece o Decreto 86/2015 do 25 de xuño e que concreta a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro (LOMCE) na Comunidade Autónoma de Galicia.

Será impartida no centro en galego para garantir a equidade lingüística que estipula o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A música é unha disciplina que favorece o desenvolvemento integral das persoas, intervindo na súa formación emocional e intelectual e contribuíndo ó afianzamento dunha postura aberta e crítica no alumnado.

Ademais é un dos principais referentes de identificación da mocidade, que viu multiplicadas as súas canles de acceso ás súas fontes co desenvolvemento tecnolóxico.

A materia de música contribúe ó desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o espírito emprendedor, etc. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima ou a capacidade para traballar en grupo. Ademais potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación

oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias procurando un ensino integral do alumnado.

O alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo. É importante, por outra banda, fomentar actitudes emprendedoras e actividades colaborativas que integren as/os estudantes nun grupo.

O obxectivo desta materia é, entre outros, dotar ós alumnos/as dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

## **1.2. Presentación da materia e constitución do departamento**

A materia de Música impártese no primeiro ciclo da ESO, tanto en 2º ESO coma en 3º ESO, e no segundo ciclo da ESO. Tanto en 2º coma en 3º ESO é una materia específica obrigatoria, mentres que en 4º curso, a materia é optativa. Neste curso 2020-21 cursarase a materia optativa en 4º da ESO ao haber alumnado suficiente para poder ofertar a optativa (de feito, hai dous grupos de 4º da ESO)

As horas segundo o novo Decreto de Educación quedan reducidas a dúas horas en 2º ESO, outras dúas horas en 3º ESO e tres horas en 4º ESO.

A materia de Música na Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxectivos principais, afianzar os coñecementos musicais que o alumnado alcanzou en primaria e conseguir que lles sirva de canle para pór en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade, a creatividade e tamén para estimular a creación dunha conciencia artística propia.

Os elementos do currículo básico están organizados en 4 bloques moi relacionados entre si:

Bloque 1. "A escoita" , que engloba todos os aspectos de linguaxe musical para acadar una escoita activa e comprensiva das manifestacións musicais producidas dende o inicio da música ata o tempo actual.

Bloque 2. "Interpretación e creación". Este bloque recolle todos aqueles contidos vinculados coa interpretación vocal e instrumental, o movemento e a danza e a improvisación.

**Bloque 3.** "Os contextos musicais e culturais", inclúe contidos relacionados coa cultura e a historia e relacionándoos coa historia da música occidental, da música española e a nosa tradición musical galega.

**Bloque 4.** "Música e tecnoloxías", que pretende relacionar a música coas novas tecnoloxías.

*En calqueira curso normal, ademais dos contidos impartidos pola profesora a través de apuntes, a materia centrábase no traballo práctico desenvolvido na aula, constando a práctica instrumental en:*

- ✓ *Partituras escritas e proporcionadas polo profesorado.*
- ✓ *Partituras escritas e compostas polo alumnado.*
- ✓ *Partituras sacadas de oído propostas polo alumnado.*

Neste curso tan atípico, a materia de Música ten que modificar obrigatoriamente a súa metodoloxía. As razóns deste cambio son: por unha banda, a perda da aula específica, ao ter que ceder este espazo ao centro para poder xerar unha nova aula xeral; e por outra banda, a imposibilidade de compartir instrumentos ou de utilizar instrumentos de vento (a fruta doce) ao non existir a distancia mínima obrigatoria imposta polo Protocolo Covid-19 de 3 metros.

En 2º da ESO, a materia de Música incorpórase ao proxecto de Edixgal, utilizando como editorial Netex, pola similitude dos contidos e da metodoloxía empregada polo Departamento. Así que, como ferramentas, utilizaremos os ordenadores, a libreta de follas brancas (ou follas brancas nun archivador) e o material colgado na aula virtual.

En 3º e 4º da ESO, utilizarase aula virtual onde se colgarán todos os apuntamentos necesarios para o seguimento da materia.

Neste curso 2020/21, a materia de Música continuarase impartindo en galego tras o acordo tomado no Claustro do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, con data 08.09.2010 para garantir a igualdade entre as linguas. A Xefa do Departamento considera innecesario a adquisición libro de texto, impartindo a teoría a través de apuntes, aula virtual, Power Points e vídeos explicativos realizados polo profesorado do centro e colgados en Youtube.

O departamento de Música do IES de Soutomaior está formado pola Xefa do Departamento: Paula Veiga Sertal, Xefa do Departamento que impartirá clase en 2

grupos de 2º da ESO, 3º e 4º da ESO na materia de Música e Linguaxe e Práctica Instrumental en 1º de Bacharelato e por Ana Fernández Ramos (docente pertencente ao Departamento de EF, que completará horario con 4 horas de Música en 2º ESO A e 2º ESO B). A **reunión de Departamento** terá lugar os luns (na quinta sesión, de 12:55h a 13:45h). Na primeira reunión de departamento, ademais da constitución do mesmo, analizarase a Adaptación da Programación do curso pasado para comezar polos contidos que quedaron sen impartir, e a adaptación da metodoloxía e dos contidos a impartir neste curso, tanto nas clases presenciais, como no suposto de ter que impartir de xeito online por un posible confinamento ou fase de corentena.

### 1.3. Programación didáctica

No artigo 13, relativo ás programacións didácticas, da Resolución do 27 de xullo de 2015, indícase que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado compoñente do departamento.

A programación didáctica incluíra polo menos os seguintes elementos:

- 1- Introducción e contextualización
- 2- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- 3- Concreción dos obxectivos para o curso.
- 4- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia, os procedementos e os instrumentos de avaliación.
- 5- Concrecións metodolóxicas.
- 6- Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- 7- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- 8- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 9- Deseño da avaliación inicial e das medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados obtidos.
- 10- Medidas de atención á diversidade.
- 11- Concreción dos elementos transversais.

12- Actividades complementarias e extraescolares de cada departamento.

13- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos obtidos.

#### **1.4. Contextualización**

O IES de Soutomaior é un centro de Ensinanza Secundaria e Bacharelatos, de titularidade pública, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Creouse no 2017-18 e o primeiro curso escolar vai ser o 2018-19. Sitúase na estrada Soutomaior, nº 46 C en Arcade, Soutomaior.

O alumnado do IES de Soutomaior procede do centro de Arcade, das vilas de Soutomaior e da zona de Paredes e Vilaboa. Na ESO parte do alumnado tamén procede do concello de Pontevedra, posto que o CEIP de Ponte Sampaio é centro adscrito. O outro centro adscrito é o CEIP Manuel Padín Truiteiro.

O Instituto atende a un sector de poboación situado non só no seu concello, senón que tamén atende alumnado da zona sur do concello de Pontevedra (Pontesampaio, Acevedo, Vilar, Canicouva), e alumnado para bacharelato do concello de Vilaboa.

Nos últimos anos produciuse un importante incremento da poboación, este aumento é producido pola chegada de xente do rural galego e en menor medida doutros países, Marrocos, Sudamérica, China, etc.

É un centro que normalmente ten tres liñas na ESO, e dúas en Bacharelato. O alumnado total é de, aproximadamente, 408 alumnos/as. Neste curso, por mor do Covid e do Protocolo, é un centro con catro liñas en 1º da ESO, catro en 2º da ESO, tres en 3º da ESO, catro liñas en 4º da ESO, tres liñas en 1º de Bacharelato e dúas liñas en 2º de Bacharelato.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

No RD 1105/14 e na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación

do ensino primario, o ensino secundario obrigatorio e o bacharelato, especificase que as competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresión culturais (CCEC)

Na materia de música desenrolaranse cada unha das competencias nos distintos contidos e descritores que aparecen reflectidos no currículo, tal e como se pode ler pormenorizadamente nos cadros do punto 4 desta programación. Como resumo de cada unha delas, dicir que:

- ✓ a **CCL** traballarase cada día dentro da aula, non só na hora teórica, na que traballaremos tanto a comunicación oral como a escrita, a lectura reflexiva e comprensiva e a expresión oral de ideas e contidos, senón tamén na hora práctica, xa que a música é unha linguaxe en sí mesma. Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade e da organización de ideas e de pensamentos a través da linguaxe artística. Outras funcións da linguaxe musical é a de expresar pensamentos, emocións e recoñecemento aos distintos estilos musicais, cun xuízo crítico e ético.
- ✓ a **CMCCT** está presente en todos os contidos de linguaxe musical a través do ritmo e a melodía, dos compases binarios, ternarios e cuaternarios, das figuras con cadansúa duración específica, da altura do son coas unidades de medida de ton e semitón, etc.
- ✓ a **CD** traballarase a cotío na búsqueda de información para elaborar os traballos sobre novas tendencias musicais, grupos de música popular e actual, etc. así coma nas posibilidades que ofrecen hoxe en día as novas tecnoloxías como ferramentas para a produción musical.
- ✓ a **CAA** mostrarase no interese que presente o alumnado á hora de ampliar e diversificar os seus gustos musicais. Así mesmo, na capacidade para pór en práctica todo o aprendido: improvisacións melódicas e rítmicas, control das emocións nas exposicións diante dun público, etc. Establecerase esta competencia tamén a través de estratexias de planificación de resolución



dunha tarefa, da motivación por aprender, de sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe, de posuír o sentido crítico ante a resolución de erros e ser quen de pór en marcha mecanismos de superación, etc.

- ✓ a **CSC** atópase no interese e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros á hora das interpretacións e das decisións musicais tomadas polo grupo, ao respecto polo silencio e pola práctica musical dos demais, de amosar tolerancia ante as propostas do grupo; atópase na participación construtiva nas actividades da aula, tanto individuais como as grupales, etc.
- ✓ a **CSIEE** estará igualmente presente na práctica diaria, e deberá amosarse a través da autonomía e da exposición de ideas e novas propostas para compartir co grupo. Está presente na capacidade de análise, planificación, organización e xestión dos proxectos acordados polo grupo, na capacidade de adaptarse aos cambios e ás resolucións de problemas, na capacidade de saber comunicar, presentar, representar e liderar ao grupo, etc.
- ✓ a **CCEC** atópase en todos os estándares de aprendizaxe relacionados coa práctica e a interpretación de melodías e danzas do patrimonio europeo, español e galego, e cos relacionados coa historia musical occidental, española e galega. Está presente tamén na valoración da interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural, apreciando a beleza e a creatividade das distintas manifestacións artísticas.

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS SEGÚN O DECRETO 86/2015

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os compoñentes sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mesaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Coñecer e

valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio destedereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación (segundo a LOMCE e concreción para a materia de música neste centro)**

**2º de ESO: Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias segundo a LOMCE**

<b>Música. 2º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical</li> <li>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.</li> <li>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.</li> <li>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Música. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> <li>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.</li> </ul>		<p>formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</li> <li>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</li> <li>▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>Música. 2º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</li> <li>▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li> </ul>	<p>como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p>	<p>da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> <li>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.</li> <li>▪ B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> <li>▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Música. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	actividades que se realizan na aula.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.</li> <li>▪ B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

<b>Música. 2º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 2. escoita</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.</li> <li>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</li> <li>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

<b>Música. 2º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>	indiscriminado de música e a contaminación sonora.	produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.	música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</li> <li>▪ B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</li> <li>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.3. Coñece</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>



Música. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.		e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.  ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	▪ CCEC ▪ CSIEE
▪ h ▪ e	▪ B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".	▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais  ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	▪ CCL  ▪ CCL
▪ e ▪ n ▪ l	▪ B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.	▪ B3.5. Aposar interese e actitude crítica pola música actual, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.	▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.  ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	▪ CD  ▪ CAA
<b>Bloque 4. Música e tecnoloxía</b>				
▪ e ▪ n	▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento	▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a	▪ CD

<b>Música. 2º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</li> <li>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</li> <li>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.</li> <li>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</li> </ul>		<p>actividade musical.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

### **3º de ESO: Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias segundo a LOMCE**

<b>Música. 3º de ESO</b>		
--------------------------	--	--

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>				
▪ n	▪ B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.	▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	▪ MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	▪ CCEC
▪ n ▪ b	▪ B1.2. Textura.	▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	▪ MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	▪ CCEC ▪ CAA
▪ n ▪ b	▪ B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.	▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	▪ MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	▪ CCEC
▪ m ▪ c ▪ d	▪ B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. ▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. ▪ B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao	▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	▪ CCEC
			▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	▪ CCEC
			▪ MUB1.4.4. Adquire e	▪ CCEC

Música. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>perfeccionamento da tarefa común.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li> <li>▪ B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</li> <li>▪ B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.</li> </ul>		<p>aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> <li>▪ MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Música. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<p>pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</li> </ul>	<p>actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p>e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.	
<b>Bloque 2. Escoita</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.</li> </ul>	Investiga acerca das posibilidades dos obxectos sonoros.			1%	Producción do alumnado
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</li> </ul>	Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	0%	2%	2%	Proba escrita Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>	Le e analiza partituras	3%	3%	3%	Proba práctica instrumental Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	1%	1%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</li> </ul>	Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas	1%	1%	1%	Observación



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</li> </ul>	Recoñece músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	0%	8%	8%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</li> </ul>	Describe os diferentes elementos de linguaxe musical das obras musicais propostas.	1%	1%	1%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</li> </ul>	Utiliza recursos como apoio ao análise musical.	1%	1%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos e opinións musicais de xeito oral e escrito.	4%	4%	4%	Proba escrita e traballos orais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</li> </ul>	Expresa contidos musicais e as relaciona coa época da historia da música.	3%	5%	5%	Proba escrita e exposicións orais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</li> </ul>	Recoñece e interpreta manifestacións da danza			1%	Observación Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</li> </ul>	Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.	0%	6%	6%	Proba escrita e oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</li> </ul>	Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas	5%	1%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</li> </ul>	Relaciona as cuestións técnicas aprendidas	3%	5%	5%	Proba escrita e oral

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</li> </ul>	Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	4%	6%	6 %	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</li> </ul>	Examina e explica a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	5%	5%	4%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</li> </ul>	Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	3%	3%	2%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito.	3%	3%	3%	Proba escrita Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</li> </ul>	Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc.		1%		Produción do alumno
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</li> </ul>	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	4%	1%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	Utiliza as tecnoloxías como ferramenta para a actividade musical	4%	1%	1%	Observación

<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	Participa na produción musical.			1%	Observación Produción do alumno
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</li> </ul>	Utiliza as fontes e procedementos apropiados para elaborar traballos musicais	5%	5%	5%	Produción do alumno Observación

ÁREA/MATERIA: MÚSICA		CURSO: 4º ESO			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	1º AV.	2º AV.	3º AV.	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas posibilidades.</li> </ul>	Interpreta as partituras entregadas ou as partituras decididas polo grupo, con ritmo.	4%	4%	6%	Observación Produción do alumno/a Exame práctico (estándar que non se poderá traballar practicamente polo cambio da metodoloxía provocada polo Protocolo Covid)
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.</li> </ul>	Identifica os símbolos musicais como parte da linguaxe.	5%	5%	5%	Produción do alumno/a Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</li> </ul>	Respecta as normas establecidas na aula pola profesora.	5%	5%	5%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento</li> </ul>	Interpreta e memoriza as partituras establecidas no nivel.	4%	4%	4%	Observación Exame práctico (estándar que non se poderá traballar de xeito

						habitual polo cambio da metodoloxía provocada polo Protocolo Covid. Traballarase a través de vídeos realizados polo alumnado nas súas casas e visualizaranse a posteriori na aula)
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</li> </ul>	Compón arranxos e acompañamentos musicais	4%	4%	4%	Observación Producción do alumno/a	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo de creación musical.</li> </ul>	Utiliza recursos informáticos para a escoita e creación musical.	6%	6%	6%	Observación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais: discos, programas de TV, de radio, cine, etc. así como o papel que desempeñan os profesionais que interveñen nestes procesos.</li> </ul>	Coñece as técnicas e os procesos de montaxe e produción do son aplicados ao cine, TV, etc	4%	4%	4%	Proba escrita Observación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</li> </ul>	Coñece as características musicais dos distintos movementos artísticos, así como dos distintos estilos musicais e os reconece auditivamente	5%	5%	5%	Observación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>	Identifica os símbolos musicais como parte da linguaxe.	6%	6%	6%	Producción do alumnado Observación Proba práctica instrumental	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.</li> </ul>	Coñece o vocabulario específico e é quen de elaborar de xeito oral e escrito unha crítica musical a calquer xénero.	1%	1%	1%	Observación	

<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.</li> </ul>	Dispón dun vocabulario musical específico para describir a música.	4%	4%	4%	Observación Proba escrita ou oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</li> </ul>	Practica e interpreta pezas instrumentais e vocais do patrimonio español e galego, así coma xéneros máis actuais.	2%	2%	2%	Observación Proba práctica instrumental
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</li> </ul>	Coñece as características musicais dos distintos movementos artísticos, así como dos distintos estilos musicais	5%	5%	5%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.3. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais e descríbeos utilizando unha terminoloxía axeitada.</li> </ul>	Coñece as distintas épocas históricas e as súas principais obras.	5%	5%	2%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música</li> </ul>	Ten sentido crítico ante a contaminación acústica e a utilización da música nos distintos medios de comunicación.			5%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medio de comunicación, etc.</li> </ul>	Comunica o papel da música nos distintos contextos da vida cotiá utilizando un vocabulario específico.		2%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</li> </ul>	Investiga acerca dos distintos xéneros do folclore galego e español e coñece as súas principais características.	3%	3%	3%	Produción do alumnado Observación

<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego e sitúaos no seu contexto histórico e social.</li> </ul>	Coñece aos principais representantes da historia da música tanto española como galega e sabe sinalos no seu espazo-tempo.	6%	4%		Proba escrita Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.2.1. Analiza a través da audición musical de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.</li> </ul>	Identifica os lugares aos que pertence a música a través da audición musical.	1%	1%		Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</li> </ul>	Sabe as características máis representativas da música española a través da historia e da música actual.	4%	4%	4%	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxias entre a música e outras manifestacións artísticas.</li> </ul>	Elabora traballos relacionando as conexións entre a música e outras manifestacións artísticas, a través da investigación, tanto individualmente como en grupo.	2%	1%	2%	Observación Exposición oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</li> </ul>	Elabora traballos coa súa exposición posterior sobre a música popular.	3%	3%	3%	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos dunha maneira clara.</li> </ul>	Utiliza Power Point e programas similar para a exposición dos contidos dos traballos realizados.	5%	5%	5%	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</li> </ul>	Utiliza recursos tecnolóxicos como apoio ao aprendizaxe na aula.	1%	1%	1%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</li> </ul>	Elabora unha exposición obxectiva e crítica sobre os hábitos musicais, o consumo		2%	2%	Proba oral

	musical, os avances tecnolóxicos, etc				
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</li> </ul>	Utiliza os programas axeitados para a gravación e montaxe dun produto	3%	3%	3%	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.</li> </ul>	Busca e selecciona fragmentos musicais para sonorizar imaxes de todo tipo	1%	1%	1%	Observación Exposición oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>	Busca e selecciona fragmentos musicais para sonorizar imaxes de todo tipo	1%	1%	1%	Observación Exposición oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</li> </ul>	Investiga e elabora traballos onde analiza a utilización da música nos medios de comunicación	3%	3%	3%	Observación Exposición oral
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	Investiga sobre novas tecnoloxías para as actividades musicais	2%	2%	2%	Observación Produción do alumno/a
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>	Consulta en distintos medios, tanto impresos como dixitais as dúbidas.	1%	1%	1 %	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</li> </ul>	Expón, de xeito crítico e coherente, información relacionada con calqueira manifestación musical e é quen de transmitila utilizando distintos soportes: escritos, dixitais, orais, etc.	4%	4%	4%	Observación Proba oral ou escrita Produción do alumnado

Neste curso 2020-21, seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, cada materia dentro do nivel educativo correspondente, debe comezar cos contidos que quedaron sen impartir por mor do confinamento provocado pola pandemia Covid-19, que comezou o 13 de marzo de 2020 e non permitiu a incorporación aos centros educativos.

Así mesmo, segundo consta na memoria do departamento, comezarase polos estándares de aprendizaxe que quedaron sen impartir no curso anterior, segundo a seguinte táboa:

<b>Materia</b>	<b>Estándares que quedaron sen impartir no curso 2020-21</b>
Música 3º ESO	Todos os estándares que aparecen reflectidos cun peso na última columna dos cadros anteriores. Algúns deles non se poderán recuperar por culpa do cambio de metodoloxía que sofre a materia de Música ao non dispór da aula específica e non poder interpretar as partituras cos instrumentos de xeito grupal.
Música 4º ESO	Todos os estándares que aparecen reflectidos cun peso na última columna dos cadros anteriores. Algúns deles non se poderán recuperar por culpa do cambio de metodoloxía que sofre a materia de Música ao non dispór da aula específica e non poder interpretar as partituras cos instrumentos de xeito grupal.

Dende o Departamento farase fincapé no repaso dos contidos mínimos correspondentes ao curso anterior na primeira avaliación para poder continuar cos estándares propios do nivel correspondente.



## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DIDÁCTICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE MÚSICA.

Esta programación didáctica está fundamentalmente baseada nunha metodoloxía de tipo **activa e participativa**, en combinación cunha metodoloxía de tipo **expositivo**.

Os principios educativos que sustentan esta programación forman parte das correntes educativas do S. XX e prodúcense de xeito simultáneo no transcurso da mesma, contando con maior ou menor peso duns fronte a outros en función do tipo de actividades e recursos que se empreguen en cada momento; sempre partindo da metodoloxía activa e participativa mencionada no apartado anterior. A continuación preséntanse por orde de importancia ou transcendencia os principios de intervención educativa que se van ter en conta na programación:

**1- O principio de actividade.** Está proporcionalmente ligado ó método participativo. Este principio xustifica todas aquelas actividades de interpretación instrumental, vocal e de danza; as destinadas a investigación por parte do alumno, a construción de instrumentos, improvisación e creación musical, as actividades de reflexión e debate e a libre expresión.

**2- O principio da creatividade.** O sentido do creativo é inherente a educación musical e consiste en xuntar o que tradicionalmente se chamou creación inventiva (descubrimento) coa orixinalidade e o sentido artístico. Coas actividades encamiñadas a tal fin procúrase a espontaneidade e a capacidade expresiva e sobre todo, unha busca de novas vías de expresión para o alumnado.

**3- O principio de socialización.** O ser humano é un ser social por natureza, que debe nutrirse dos outros e do entorno para desenvolverse. Dentro deste principio podemos mencionar as actividades de investigación grupal, todas as danzas e actividades en grupo, as interpretacións vocais e instrumentais en grande ou pequeno grupo, etc.

**4- O principio de individualización.** O coñecemento cada vez maior do individuo foi creando a necesidade dunha ensinanza individualizada, que teña en conta a cada individuo como persoa con características distintas aos demais. En relación a este principio atópanse as probas e producións individualizadas.

Durante todos os cursos anteriores, todos os contidos explicados, aplicábanse á práctica instrumental, utilizando todos os instrumentos presentes na aula (metalófonos, xilófonos, maracas, caixas chinesas, etc.), a frauta e a voz. Así mesmo, o alumnado podía traer os instrumentos que tocaban fóra do ámbito escolar para interpretar as distintas partituras que se montaban na aula.

Para a práctica instrumental podíanse utilizar varias vías:

- ✓ partituras proporcionadas pola profesora, que poderían ser de música clásica, de música moderna, de música tradicional galega, ou de calqueira estilo musical.
- ✓ composicións do alumnado, que realizarían previa explicación da estrutura, tonalidade, acordes, etc sobre as que terían que traballar en equipo.
- ✓ partituras modernas sacadas de oído polo alumnado transcribindo a partitura para os distintos instrumentos que interpretaran dita partitura.

Como materiais necesitaban unha libreta/folios pautada/os, unha libreta de folios brancos / folios brancos gardados nunha carpeta (para copiar os contidos nesta libreta e facer os esquemas de cada tema) e unha frauta.

Neste curso 2020-21, a metodoloxía ten que ser diferente, xa que por unha banda non temos aula específica (houbo que ceder este espazo para que poidera ser unha aula común: concretamente un 2º de Bacharelato), e por outra, non podemos compartir os instrumentos da aula entre todos.

Como novidade en relación aos cursos anteriores, a materia de Música incorpórase ao programa Edixgal, coa editorial Netex. O alumnado de 2º da ESO traballará os contidos a través desta plataforma dixital, co seu propio ordenador. O alumnado de 3º e 4º da ESO, utilizarán a aula virtual como ferramenta de traballo.

#### **A “nova metodoloxía” consistirá:**

- ESCENARIO 1: CLASES PRESENCIAIS. A metodoloxía neste escenario consistirá en clases expositivas utilizando Power Points, pizarras ordinarias, aula de informática e pizarra dixital. Os apuntamentos serán facilitados polo profesorado a través da aula virtual ou dunha copia que se deixará en Conserxería para aquel alumnado que prefira mercar o material xa impreso. Todos estes contidos acompañaranse de audicións activas, visionados de vídeos exemplificativos dos contidos explicados previamente, explicación das partituras facilitadas polo profesorado para a súa posterior interpretación e gravación no ámbito doméstico do alumnado (estas gravacións visionaranse na aula, en presenza de todo o alumnado para a posterior análise, tanto melódica, como rítmica, como expresiva), a realización de traballos de investigación por parte do alumnado sobre temas propostos polo profesorado (realizando o

profesorado un seguimento da investigación nas clases presenciais) e a súa posterior exposición na aula, etc.

- **ESCENARIO 2: PERÍODOS DE CORENTENA OU CONFINAMENTO.** A metodoloxía neste escenario realizarase a través de Edixgal co alumnado de 2º da ESO, da aula virtual (creada dentro da plataforma *edu.xunta*) e dos correos electrónicos (excepcionalmente utilizarase o espazo de *Google drive* para subir vídeos ou cuestionarios online e a plataforma de *Youtube* para subir vídeos explicativos realizados polo profesorado). Aproveitarase este tempo non presencial para afondar nos contidos xa impartidos e avanzar con contidos esenciais para superar a materia cara ao final de curso)

Tanto no escenario 1 coma no 2, acompañaranse as explicacións coa proxección de vídeos exemplificativos para chegar a entender determinados conceptos e Power Points realizados polo profesorado. Así mesmo, poderán visionarse filmes relacionadas coa historia da música.

E tanto no Escenario 1 coma no 2, os materiais necesarios para a materia de Música serán: libreta de folios brancos, ou follas brancas soltas e gardadas nunha carpeta, unha fruta ou instrumento propio do alumnado para a interpretación na casa (ao ser necesario unha distancia mínima de 3 metros para poder utilizar os instrumentos de vento e non a hain as aulas ordinarias) e acceso á aula virtual.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

No centro hai varias enciclopedias sobre a Historia da Música na Biblioteca do instituto para consulta do alumnado.

As aulas ordinarias están provistas dunha pizarra branca, unha pizarra dixital, un ordenador e conexión a internet.

Están tamén os apuntes da materia elaborados pola xefa do Departamento e o material de apoio colgado na aula virtual.

O departamento solicitará unha hora de utilización na aula de informática do centro para poder elaborar e guiar os traballos de investigación e realizar un seguimento dos mesmos (sobre todo nos cursos máis baixos)

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1. Criterios de avaliación e cualificación

A materia de música cualificarase a través dos estándares de aprendizaxe mediante os diferentes instrumentos que se sinalan nos perfís de area, do seguinte xeito:

- ✓ Probas escritas: 40%
- ✓ Proba práctica instrumental, que consistirá na gravación da partitura seleccionada por parte do alumnado no seu ámbito doméstico de xeito individual: 15%
- ✓ Exposición dos traballos de investigación, nos que se valorarán os contidos traballados e a utilización dunha linguaxe axeitada e dunha terminoloxía propia da materia: 25%
- ✓ Actitudes, participación, esforzo, produción do/a alumno/a e cadernos de aula: 20%

A cualificación obtérase mediante a media aritmética dun exame escrito (ou dous se o alumnado o preferise) que ponderará cun 40% e un exame práctico por trimestre que ponderará un 15% e a exposición do traballo de investigación que ponderará un 25%. O alumnado aprobará sempre e cando a media dos catro bloques acadase un 5 (ou 4,6 que por defecto redondearase cara ao 5). Cómpre recordar que as notas dos exames corresponden ao 80% da materia. O 20% restante corresponde ao seguimento do alumnado, á presentación da libreta, ao traballo na aula, etc.

### 7.2. Criterios de promoción

Para facer a media da **nota final**, é dicir, a nota da 3ª Avaliación - Ordinaria, farase unha media aritmética entre as notas finais de cada unha das tres avaliacións. No caso de non superar o 5 coa media das tres avaliacións, haberá un exame no mes de xuño para recuperar as avaliacións suspensas.

En **Setembro** avaliarase o curso completo, en base aos graos mínimos de consecución dos estándares. O procedemento será a través dun exame teórico, dun exame práctico (no caso de non superar a parte práctica ao longo do curso) ou de

ambos (no caso de ter suspensas as dúas partes da materia). O peso dos exames será dun 80% da nota, quedando o 20% restante pendente da entrega dun caderniño de actividades que a profesora facilitará ao alumnado. A realización correcta deste caderniño e a súa entrega serán o 20% da nota. Aprobarán a materia sempre e cando acaden un 5 (8 puntos dos exames e 2 puntos do caderniño).

Os criterios de promoción do alumnado en relación ao resto das materias serán os establecidos no Proxecto Educativo de Centro e nas NOF, en cumprimento da lei vixente.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE E A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Como indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza aprendizaxe empregaremos os seguintes:

- Avaliación
- Actividades de aula
- Tratamento da diversidade
- Programación didáctica

Realizarase un seguimento trimestral e a información obtida será recollida na memoria final. A programación do Departamento de Música enténdese como unha proposta, aberta a modificacións segundo as necesidades que se presenten. Nas reunións de Departamento analizaranse os futuros cambios que se consideren oportunos segundo as dificultades atopadas.

A **reunión de Departamento** terá lugar os luns (na quinta sesión, de 12:55 a 13:45h). Un dos temas dos que se levantarán a acta será o estado de desenvolvemento da Programación e das incidencias atopadas, así como da comprobación da consecución ou non dos Indicadores de logro.

Os distintos indicadores de logro serán avaliados do 1 ao 4, indicando o 1 o menor grao de cumprimento e o 4 o máximo.

<b>AVALIACIÓN</b>	1	2	3	4
Antes de comezar unha unidade explícase como se avalía.				
Aplícase a observación do traballo, tanto individual como colaborativo, e a observación da actitude dentro da aula.				
Elabórase unha avaliación adaptada para o alumnado NEAE, de ser necesaria.				
Utilizáronse os distintos instrumentos para a avaliación: probas escritas, observación do alumnado, produción do alumnado, traballo individual e en equipo, caderno de aula, etc.				
Na avaliación tense en conta todas as competencias.				
Avalíanse os apoios, os reforzos, as actividades de recuperación, etc.				
Entre as distintas avaliacións prográmase unhas actividades para a recuperación das avaliacións anteriores.				

<b>ACTIVIDADES DE AULA</b>	1	2	3	4
Como norma xeral as explicacións serán comúns para todo o alumnado, coa excepcionalidade do alumnado con NEAE e para o alumnado que ten medidas de atención á diversidade.				
Observación na aula dos temas transversais, vinculados a cada estándar.				
Acadouse unha participación activa e interesada de todo o alumnado.				
O traballo na aula desenvólvese de xeito individual e grupal.				
Utilízanse ferramentas TIC para a exposición dos contidos e para a consecución da práctica instrumental.				
As clases resultan interesantes e motivadoras para todo o alumnado, prestando especial interese ao alumnado con medidas de atención á diversidade.				
Realízase un seguimento diario das actividades, do caderno, da práctica instrumental e das actividades propostas polo profesorado de música.				

<b>DIVERSIDADE</b>	1	2	3	4
Para coñecer ao grupo realizarase unha proba inicial. Para obter unha información máis precisa, asistirase ás avaliacións iniciais, onde o/a titor/a e o departamento de orientación darán informes máis detallados.				
Terase en conta a diversidade á hora de organizar os grupos, de crear grupos, de mandar as actividades a realizar, etc.				
Realizaranse explicacións individualizadas ao alumnado que o precise.				
Adoptáronse medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e con necesidades específicas.				

<b>PROGRAMACIÓN</b>	1	2	3	4
Consúltase a programación ao longo do curso e ,de ser o caso, realizaranse as modificacións oportunas.				
Recóllense na programación todas as competencias básicas, os elementos transversais, os estándares de aprendizaxe, os criterios e os instrumentos de avaliación.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación dos criterios establecidos para as avaliacións: tanto as ordinarias, como as extraordinarias.				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e a avaliación das materias pendentes.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio e recuperación vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado NEAE.				
Adecuación dos mecanismos para informar ao alumnado e ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
Está establecida unha temporalización para cada unidade e cada estándar de aprendizaxe.				

Contribución desde a materia ao Plan de lectura do centro.				
Están establecidos os instrumentos de avaliación para cada aspecto da programación.				

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A **recuperación das avaliacións suspensas** levarase a cabo nunha proba escrita da parte teórica da materia, que se realizará despois da entrega de notas da primeira e segunda avaliación. A terceira avaliación, xunto coas avaliacións pendentes que aínda non foran superadas, recuperaranse nos días establecidos polo departamento para as recuperacións finais, con anterioridade á entrega de notas de xuño.

**En 2º ESO** non hai alumnado coa materia de música pendente, posto que en 1º ESO non se imparte a materia de Música.

**Para o alumnado de 3º da ESO con música pendente** de 2º ESO, aprobarán a pendente se superan a primeira avaliación de 3º ESO (O Departamento de Música considera acadados estes mínimos superando a Primeira Avaliación deste novo curso porque na Primeira Avaliación sempre se fai un repaso aos contidos impartidos no curso anterior). No caso de non superar dita avaliación, farán un exame no mes de maio (do 4 ao 7 de maio) que incluírá cuestións relativas aos estándares de aprendizaxe máis relevantes do curso anterior, ademáis dunhas tarefas de reforzo / caderniños que serán entregadas pola profesora ao longo do curso (o primeiro, na segunda semana do mes de xaneiro e o segundo, na semana do 2 ao 5 de marzo de 2020) e das cales saíran as preguntas do exame. O exame puntuarase sobre 9 puntos e quedará superado sempre e cando o alumno acade un 4 e presente as tarefas de reforzo (que sumarán un punto na nota do exame).

*A Xefa do Departamento publicará os días e as horas dispoñibles para que o alumnado coa música pendente poida acudir a solventar as dúbidas.*

**Para o alumnado de 4º da ESO con música pendente** de 3º da ESO:

- ✓ aprobarán a pendente se superan a primeira avaliación de 4º da ESO, no caso de ter escollida coma optativa a materia de Música en 4º da ESO.



- ✓ Se non a teñen coma optativa, a profesora será a encargada de repartir os caderniños de repaso da materia suspensa por avaliacións (a primeira entrega será no mes de novembro e a segunda entrega será no mes de marzo). O alumnado terá a obriga de cumprimentalos e entregalos antes de cada avaliación, para que poidan ser corrixidos e avaliados. O exame final será no mes de maio e puntuarase sobre 8 puntos. As preguntas do exame sairán deses cadernillos, que se valorarán sobre 2 puntos.

Para o **alumnado repetidor coa materia de música suspensa**, o profesorado de música impartirá as clases normais co grupo e proporcionará ao alumnado uns exercicios de reforzo semanas antes dos exames para facer fincapé nos contidos explicados no trimestre.

## 10. AVALIACIÓN INICIAL, MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

Nas primeiras semanas do curso realizarase por escrito e sempre de xeito individual, unhas fichas que servirán como avaliación inicial. Nestas fichas incluíranse cuestións relativas aos estándares de aprendizaxe máis importantes do curso anterior. O propósito desta avaliación inicial é:

- ✓ obter un punto de partida para as ensinanzas que se pretenden levar a cabo durante o curso.
- ✓ analizar cunha proba escrita o rexistro de alumnos e alumnas que presenten unha necesidade educativa especial que leve consigo unha modificación da metodoloxía ou dos contidos. Esta proba servirá como ampliación da información transmitida polo Departamento de orientación e polo/a titor/a na avaliación inicial.
- ✓ analizar as causas dos bos ou dos malos resultados obtidos nesta proba comparándoos cos resultados finais obtidos no curso escolar anterior na nosa materia.

O primeiro mes de curso é fundamental para a observación do grupo. Neste primeiro mes, as actividades na aula, na parte práctica sobre todo, deberán estar enfocadas cara ao coñecemento do grupo: do seu funcionamento en conxunto como grupo (se é un grupo disruptivo, se é un grupo traballador, se hai bo clima entre os seus integrantes, etc.) e cara á identificación das necesidades individuais (alumnado

que necesita maior seguimento, tanto a nivel afectivo como a nivel cognitivo, alumnado con desmotivación, etc.)

Despois desta primeira fase de observación estableceranse as medidas oportunas en colaboración co titor/a do grupo e co departamento de orientación de fora necesario.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade ordinarias que se consideren oportunas para unha correcta atención individualizada a cada un dos alumnos e alumnas, a través da adaptación dos medios de acceso ó currículo, dos tempos de realización de probas e actividades, dos xeitos e modos de avaliación, e todos aqueles que se consideren oportunos para atender cada un dos casos que se vaian presentando.

Dentro das aulas da ESO atopamos unha gran variedade de alumnado que non forma grupos homoxéneos, senón que cada un deles, presenta as súas características propias, referidas a un nivel educativo propio, unha madurez diferente, unhas condicións sociais desiguais, unas capacidades diferenciadas, Por todo isto é imprescindible unha avaliación inicial ao grupo para observar todos estes aspectos que nos darán unha idea do nivel educativo do que parte cada integrante do grupo. Unha vez establecido o nivel educativo de cada alumno, procederase a adoptar as medidas necesarias para que intente seguir os conceptos e a marcha da clase: ACI (se foran necesarias), reforzos, clases de repaso, adecuación dos contidos ao nivel xeral da clase, ...

A realidade actual é que cada día atopamos a alumnado con necesidades educativas específicas. Estas necesidades poden presentarse por diversas causas: por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, pola súa incorporación tardía ao sistema educativo, por condicións persoais ou familiares ou por diferentes causas. Este alumnado require unha atención educativa diferente á ordinaria para poder acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, de ser posible, os obxectivos de todo o alumnado.

Dentro das **medidas ordinarias** atópanse os reforzos educativos e os apoios. Desde a materia de música, estas medidas ordinarias variarán en función das necesidades do alumnado, pero basicamente poden resumirse ás seguintes:

- actividades específicas.
- flexibilización da metodoloxía.
- flexibilización da temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe mínimos.
- modificación nos instrumentos e técnicas de avaliación (por exemplo, no exame práctico: flexibilizar o instrumento obrigatorio a calquera que se atope na aula).

Dentro da **medidas extraordinarias** atópanse as Adaptacións curriculares individualizadas. Con esta medida xa se introducen modificacións importantes no currículo en base ás habilidades e aos coñecementos previos do alumno. En colaboración co departamento de orientación, é necesario elaborar unha programación de aula para dar resposta ás necesidades educativas específicas de cada alumno/a concreto/a.

Neste curso 2020-21, na materia de música, hai alumnado que require un seguimento máis individualizado debido ás súas características de exclusión social, de desmotivación, de baixo rendemento académico e de incorporación tardía ao sistema educativo galego (algúns proceden doutros países como Suíza, Arxentina, etc e outros doutras partes de España). Este alumnado ten unha dobre complicación, posto que non soamente se ten que adaptar ao novo sistema educativo, senón que ten que adaptarse á lingua utilizada nesta materia. As medidas a realizar con este alumnado, será tratar de traducir os conceptos ao castelán no medio das clases e facilitarlles o copiado dos apuntamentos das libretas dos seus compañeiros.

Por outra banda, hai alumnado repartido nos distintos niveis con TDAH, para os cales se adoitarán medidas aportadas polo departamento de orientación: situalos nos sitios de diante para que presten unha maior atención, facilitarlles unha explicación máis directa dos contidos, reforzar o explicado individualmente e flexibilizar o tempo á hora de facer as probas escritas ou prácticas.

Neste curso tamén hai alumnado con Síndrome de Asperger. Son totalmente diferentes entre sí, pero requiren dunhas medidas concretas. Precisan unhas indicacións moi concretas, seguindo sempre pautas sinxelas e ordeadas; é necesario

dar instrucións persoais e individuais, repetindo se fora necesario, a tarefa a realizar; precisan máis tempo e unha maior flexibilidade á hora da realización das tarefas, exames e demais; e un seguimento máis individualizado, posto que ás veces, no gran grupo perden partes das explicacións.

E xa por último, hai alumnado con altas capacidades. É alumnado que xa estivo no centro nos cursos anteriores e na materia de música atopábanse totalmente integrados co resto dos compañeiros e seguían os contidos co ritmo da clase. De todas maneiras, o departamento ten previstas actividades de ampliación.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballarase na materia de música, tanto en 2º da ESO coma en 3º da ESO, algúns dos elementos transversais que se recollen no artigo 4 do Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que destacamos:

1. A comprensión lectora
2. A expresión oral e escrita
3. A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación
4. O emprendemento
5. A educación cívica e constitucional

Así mesmo, dende a materia de música, fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia

terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Dende a materia de música tamén se fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

E xa, no último elemento transversal que vén redactado no decreto, dende a materia de música pouca relación ten co noso currículo, pero intentarase facer referencia tamén a este último elemento transversal: No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Neste curso 2020/21, non haberá actividades extraescolares por mor do Protocolo Covid-19.

Respecto ás actividades complementarias, dependerá da evolución da pandemia, pero algunhas das previstas doutros cursos son:

- ✓ obradoiro sobre "o Jazz e a súa relevancia na música moderna", impartido polo trompetista Lázaro Daniel Cardoso Chávez. Este obradoiro está pensado para o alumnado de 4º da ESO (está pendente de revisar a metodoloxía deste Obradoiro, xa que estaba pensado a través da interpretación de partituras e esquemas melódicos cos instrumentos de vento)
- ✓ participación nos proxectos educativos que se determinen no centro.

- ✓ taller de eco-percusión, pensado para todo alumnado da ESO, levado a cabo por Didier, no que o alumnado aprende uns patróns rítmicos grupais, acadando unha gran batucada e utilizando instrumentos construídos con material de refugallo.
- ✓ Concertos do alumnado coas cancións aprendidas ao longo do curso (pendente tamén da evolución da pandemia)

## **14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A programación será avaliada a través dos indicadores de logro establecidos nesta programación no apartado 8 e serán empregados para a realización da memoria final. Realizarase un seguimento trimestral e a información obtida será recollida na memoria final. A programación do Departamento de Música enténdese como unha proposta, aberta a modificacións segundo as necesidades que se presenten. Nas reunión de Departamento analizaranse os futuros cambios que se consideren oportunos segundo as dificultades atopadas.

Arcade, 06 de outubro de 2020

A Xefa do Departamento

Asdo. Paula Veiga Sertal